

Arteixo, en que se solicita a ampliación de 1 unidade (psíquicos).

Segundo a Orde do 31 de xaneiro de 2005, o centro conta con autorización para 4 unidades de educación especial (psíquicos).

O expediente foi tramitado polo Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes favorables correspondentes, en cumprimento do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, da educación primaria e da educación secundaria; do Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias; da Orde do 20 de setembro de 1995 que o desenvolve, e demais normativa vixente.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a ampliación de 1 unidade de educación especial (psíquicos) no centro privado que se relaciona a continuación:

Denominación: centro privado Agarimo.

Código do centro: 15020431.

Domicilio: rúa Padre Villa, 30, Laxobre.

Localidade: Arteixo.

Concello: Arteixo.

Provincia: A Coruña.

Titular: *Asociación Agarimo*.

Composición resultante:

5 unidades de educación especial (psíquicos).

Educación de persoas adultas: ensinanzas básicas iniciais e as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Segundo.-Para a posta en funcionamento da unidade que se amplía o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia.

Terceiro.-O centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que se sinalan nesta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso

potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se modifican e se regulan as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia convocadas nos exercicios 2007, 2008 e 2009.

A Orde do 26 de maio de 2009 publicada no DOG nº 112, do 10 de xuño, establecía uns prazos e un mecanismo de xustificación para as ordes de consolidación de 2007 e 2008, que foron de moi difícil aplicación no exercicio 2009, como consecuencia da orde de peche do exercicio.

Doutra banda, a Orde do 7 de abril de 2009, de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG, establecía no seu artigo 8 o procedemento da xustificación: «Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente, como entidade colaboradora nas modalidades b) e c) ou como beneficiaria na modalidade a), expida, na data límite do 15 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede, así como os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos. Ademais, cando a axuda teña cofinanciamento de Feder, a universidade correspondente deberá achegar nesa mesma data límite unha certificación de todos os gastos e custos comprometidos ata o 31 de decembro dese ano, así como os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos efectuados ata esa data. As facturas e os pagamentos realizados con posterioridade ao 15 de novembro pero incluídos na certificación de gastos e custos comprometidos, deberán entregarse antes do 30 de decembro dese mesmo ano».

Ademais, a crecente presenza de fondos procedentes do Feder no cofinanciamento das axudas do programa de consolidación fai necesario recoller os seus requisitos específicos de xustificación.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Modificación do parágrafo segundo do artigo 8 da Orde do 2 de abril de 2007 pola que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, que queda redactado como segue:

«Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais, cando a axuda teña cofinanciamento Feder, a universidade correspondente deberá achegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e os pagamentos.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais, deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006, do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente na cal conste a data de pagamento».

Artigo 2º

Modificación do parágrafo segundo do artigo 8 da Orde do 19 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, que queda redactado como segue:

«Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais, cando a axuda teña cofinanciamento Feder, a universidade corres-

pondente deberá achegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais, deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006, do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente na cal conste a data de pagamento».

Artigo 3º

Modificación do parágrafo segundo do artigo 8º da Orde do 7 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, que queda redactado como segue:

«Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais cando a axuda teña cofinanciamento Feder, a universidade correspondente deberá achegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais, deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006, do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente na cal conste a data de pagamento».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria